

Compromiso cunha alimentación saudable**EROSKI INTRODUCE OS PRIMEIROS PRODUTOS CON ETIQUETAXE NUTRI-SCORE EN ESPAÑA**

- Esta etiquetaxe nutricional avanzada, pioneira en Europa, supón un importante avance para facilitar unha alimentación máis saudable a través dunha maior transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos alimentos
- Nutri-Score clasifica os alimentos en cinco niveis, indicados por letras coloreadas (dende os "A" en verde escuro, ata os "E" en laranxa escuro), en función das súas calorías, nutrientes e ingredientes
- Nutri-Score está validada polo Ministerio de Sanidade e a Unión Europea, conta co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS) e foi avalada por máis de 8.500 socios clientes de EROSKI que a valoran como sinxela, útil e práctica

Elorrio, 15 de xaneiro do 2019.- As tendas [EROSKI](#) xa dispoñen dos primeiros produtos de marca propia con etiquetaxe Nutri-Score, que os clasifica segundo a súa calidade nutricional. Deste xeito EROSKI convértese en pioneira na distribución española en incorporar esta etiquetaxe nutricional avanzada, recentemente validada polo Ministerio de Sanidade e que se prevé que estea implantada de xeito xeneralizado dentro dun ano.

"A información comprensible sobre a calidade nutricional dos alimentos é un aspecto crucial para configurar unha dieta saudable e tamén un dos nosos [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#). Por iso, en EROSKI procuramos estar sempre á vangarda en materia de transparencia informativa e apostar polos sistemas máis avanzados para facilitar que as persoas consumidoras teñan maior criterio á hora de deseñaren a súa dieta e poderen levar a cabo unha alimentación equilibrada, máis saudable e sostible", declarou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Os primeiros produtos con Nutri-Score en España son unha conserva de tomate triturado e un pack de patacas para cociñar ao vapor en microondas, ambas as dúas da marca EROSKI, e unha conserva de tomate seco en aceite EROSKI Seleqtia. Tal e como a cooperativa anunciou a comezos de outubro, esta nova etiquetaxe aplicarase progresivamente na totalidade dos seus produtos alimentarios da súa marca propia. A súa incorporación súmase ao Semáforo Nutricional EROSKI, presente dende hai máis dunha década en todos os envases da súa marca. *"Ambos os dous sistemas son complementarios. Coa súa incorporación, o consumidor vai*

EROSKIDirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA****CONSEJEROS DEL NORTE**JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

poder coñecer de xeito sinxelo a valoración nutricional global de cada produto para o poder comparar con outros semellantes e elixir mellor, sen perder a información detallada por nutriente que lle proporciona o Semáforo Nutricional", aclarou Martínez Berriochoa.

O modelo Nutri-Score foi creado por académicos das ciencias da alimentación, está validado pola Unión Europea e conta coa aprobación da Organización Mundial da Saúde (OMS). A cooperativa propúxolles aos seus Socios Cliente esta iniciativa tras unha valoración previa de varios modelos alternativos de etiquetaxe nutricional existentes realizada por expertos en saúde, alimentación e consumo e a asesoría do Comité Científico de EROSKI. O 85% dos máis de 10.000 Socios Cliente que tomaron parte no proceso participativo que EROSKI puxo en marcha o pasado setembro para validar a súa incorporación amosáronse a favor desta iniciativa porque a consideran un modelo máis útil, claro, completo e comprensible e a ferramenta idónea para unha mellor elección nutricional para practicar unha alimentación máis saudable.

A avanzada etiquetaxe Nutri-Score presenta unha clasificación global do produto en función da súa calidade nutricional, nunha sinxela escala de cinco niveis indicados cada un por unha letra e unha cor (do "A" verde escuro ao "E" laranxa escuro). Os cálculos atenden ao contido por 100 gramos das calorías do produto, dos nutrientes beneficiosos para a saúde que contén (fibra, proteína, cantidade de froita, verdura, froitos secos e legumes), e dos nutrientes do produto do que recomendamos reducir a inxestión (graxas saturadas, sal e azucres).

EROSKI , pioneira en etiquetaxe nutricional avanzada

EROSKI foi pioneira en ofrecer unha etiquetaxe nutricional avanzada ao consumidor ao incorporar no 2007 o Semáforo Nutricional no envase dos seus produtos. Supuxo un grande avance no seu momento e hoxe está presente en todos os artigos da súa marca propia. Permítelles aos consumidores coñecer dunha simple ollada a cantidade de calorías, azucres, graxa, graxa saturada e sal que achega unha porción de consumo dun produto, e mais as súas porcentaxes sobre o consumo diario a través das cores verde, amarela e laranxa a xeito de semáforo, tal e como o seu nome indica.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)